


# VIAXE POR VALLE- INCLÁN



- A** Punto 1. Rúa Max Estrella
- B** Punto 2. Rúa Marquesa Rosal
- C** Punto 3. Rúa Valle Inclán
- D** Punto 4. Casa do Cantillo
- E** Punto 5. Igrexa da Pastoriza
- F** Punto 6. Rúa Luces de Bohem
- G** Punto 7. Casa do Cuadrante
- H** Punto 8. Praza Marqués
- I** Punto 9. Escultura de Valle
- J** Punto 10. Xardin Umbrio
- K** Punto 11. Divinas palabras
- L** Punto 12. Rúa Aromas de lenda
- M** Punto 13. Rúa Mari Gaila
- N** Punto 14. Rúa Ramón Valle



*IES Faro das Lúas*  
*Vilanova de Arousa*

Vilanova de Arousa

### 1.-Rúa Max Estrella

É o protagonista de *Luces de Bohemia*, un poeta cego e frustrado que vive na miseria. A obra reflicte a súa última noite percorrendo Madrid. A pesar da súa cegueira, é o único personaxe que ve a realidade e é consciente da súa mediocridade.

### 2.-Rúa Marquesa Rosalinda

Esta obra, estreada en 1912, conta a historia de Rosalinda que é seducida por Arlequín, para desesperación do seu marido.

### 3.-Rúa Valle Inclán

Ramón María del Valle Inclán (1866-1936) naceu e pasou a súa infancia e xuventude en Vilanova de Arousa. Publicou o seu primeiro libro, *Femenina*, en 1895 e comezou Dereito en Santiago, onde coñeceu a Murguía e A. Brañas, líderes do Rexionalismo no que militou de mozo.

### 4.-Casa do Cantillo

Situada na antiga rúa San Mauro (rúa Valle Inclán desde 1924), data de mediados do século XVIII. Nela naceu e viviu o escritor cos seus pais.

### 5.-Igrexa da Pastoriza

Nela bautizaron a Valle en 1866.

### 6.-Rúa Luces de bohemia

Esperpento publicado en 1924 que utiliza a ironía e a sátira para describir unha realidade grotesca e unha sociedade decadente.

### 7.-Casa do Cuadrante

Desde 1846 foi o domicilio dos avós maternos do escritor



### 8.-Praza do Marqués de Bradomín

*O Marqués de Bradomín* (adaptación da *Sonata de otoño*) estreouse como obra teatral en 1906.

### 9.-Praza do Parque

Nesta praza atopamos unha escultura de Valle rodeado dos personaxes máis coñecidos das súas obras: **O príncipe Verdemar** (da farsa infantil *A cabeza do dragón*), **o marqués de Bradomín**, **Max Estrella e don Latino, Lucero** (coñecido tamén como Séptimo Miau) e **Mari Gaila**.

### 10.-Xardín umbrío

Este libro de relatos dá nome ao parque central de Vilanova. No prólogo, Valle declara que Micaela, a Galana, unha vella doncela da súa avoa, contáballe cando era neno "*historias de santos, de almas en pena, de trasnos e de ladróns. Agora eu conto as que ela me contaba(...)*."

### 11.-Divinas palabras

Obra de teatro publicada en 1919 que reflicte situacións crueis tratadas en ton de traxicomedia.

### 12.-Rúa Aromas de lenda

É unha obra poética de estética modernista publicada en 1907.

### 13.-Mari Gaila

É a protagonista de *Divinas palabras* (1919), unha muller relixiosa, nada vergoñenta e con carácter forte.

### 14.-Rúa Ramón Valle Bermúdez

Ramón Valle Bermúdez casou con Dolores de la Peña y Montenegro e, en 1866, tiveron a Ramón María del Valle Inclán.